

REGULAMENTO PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

PREÁMBULO

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón no capítulo III «Ensinos universitarios oficiais de grao», concretamente no artigo 12.3, que os ensinos de grao concluirán «coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao». O apartado 7 deste mesmo artigo dispón que: «O traballo de fin de grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título». No anexo 1 do citado real decreto establécense as características e os requirimentos da memoria de verificación, documento que supón «o proxecto que constitúe o compromiso da institución sobre as características do título e as condicións en que se van desenvolver as ensinanzas». No seu apartado 5 queda clara a total integración do traballo de fin de grao na estrutura das ensinanzas. Así mesmo, no apartado 8 do devandito anexo, noméase o traballo de fin de grao como un dos posibles procedementos que debe usar a universidade para valorar os resultados obtidos no marco de competencia establecido.

O Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, que modifica o R. D. 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dá unha nova redacción ao artigo 6 referido ao recoñecemento e transferencia de créditos e sinala: «En todo caso non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao e mestrado».

Neste contexto, cos criterios definidos polos reais decretos, corresponderalle a cada universidade, en exercicio da súa autonomía, establecer as normas que lle sirvan de regulación ao traballo de fin de grao.

A presente normativa deseña o marco xeral para o desenvolvemento dos traballos de fin de grao na Universidade de Vigo e as súas finalidades son:

- Unificar os procedementos que faciliten o seu desenvolvemento e a xestión administrativa.
- Procurar que, considerando as particulares características que o traballo de fin de grao ten entre as materias das titulacións, se manteña a súa integración na estrutura das ensinanzas.
- Facilitar os cumprimentos do establecido para o traballo de fin de grao nas correspondentes memorias de verificación das titulacións e das taxas de calidade nelas comprometidas.
- Garantirle ao alumnado que a elaboración, defensa e avaliación do seu traballo de fin de grao se pode desenvolver de maneira axeitada.

Máis alá do marco definido nesta normativa, en atención ás peculiaridades das titulacións de grao que teña adscritas, cada centro establecerá a súa propia regulación interna para o desenvolvemento do traballo de fin de grao, con observancia da debida publicidade da norma.

REGULAMENTO

Artigo 1.- Obxecto

A presente normativa recolle as directrices xerais relativas á definición, elaboración, presentación, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos traballos de fin de grao.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

- 1 As previsións contidas na presente normativa aplicaráselles aos traballos de fin de grao correspondentes aos títulos de grao regulados polo R. D. 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais e demais normas de desenvolvemento que se oferten na Universidade de Vigo.
- 2 No caso dos títulos oficiais de grao de carácter interuniversitario, este regulamento só se lle aplicará ao estudiantado matriculado na Universidade de Vigo, agás que o convenio regulador do título correspondente estableza outras disposicións ao respecto.
- 3 O traballo de fin de grao nos títulos que habilitan para o exercicio de actividades profesionais reguladas rexerase polo disposto na orde que estableza os requisitos para a verificación do correspondente título, sen prexuízo da aplicación, con carácter subsidiario, do presente regulamento.
- 4 O contido desta normativa complementábase co resto de normativas e procedementos da Universidade de Vigo en vigor ou que se puidesen aprobar referidas ao desenvolvemento e xestión da docencia das titulacións oficiais da Universidade de Vigo.
- 5 Cada centro desenvolverá o presente regulamento nunha normativa interna aprobada pola Xunta de Centro para adecualo ás características propias de cada un dos títulos oficiais de grao que se impartan nel. En calquera caso, as normas que establezan os centros deberán ser públicas e axeitadas ao disposto neste regulamento e nas memorias de verificación das titulacións.
- 6 As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao, ás que se refiren os artigos 6 e 8 deste regulamento, forman parte das obrigas docentes do profesorado. A Universidade de Vigo establecerá a forma do seu recoñecemento.

Artigo 3.- Definición do traballo de fin de grao

- 1 O traballo de fin de grao forma parte como módulo, materia ou disciplina do plan de estudos de todo título oficial de grao. No seu deseño debe preverse que a súa elaboración, avaliación e cualificación teñan lugar dentro do período previsto para realizar os estudos.
- 2 O traballo de fin de grao é un traballo persoal que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociados ao título. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos na actividade doutras materias da titulación.
- 3 O feito de que o traballo de fin de grao sexa un labor persoal non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios/as estudantes, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global; este feito será autorizado pola coordinación da titulación ou polo órgano que estableza a normativa interna do centro á que se refire o preámbulo e o apartado 5 do artigo 2 deste regulamento. Neste caso o alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e terá o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación e defensa e a avaliación serán individuais.
- 4 Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de grao elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente.
- 5 O traballo de fin de grao poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A

persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da titora académica facilitar a xestión.

- 6 O traballo de fin de grao terá a súa guía docente axeitada á normativa correspondente e única para cada titulación.

Artigo 4.- Matrícula do traballo de fin de grao

- 1 Para poder matricularse no traballo de fin de grao será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
- 2 A matrícula do traballo de fin de grao realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de grao.
- 3 A matrícula do traballo de fin de grao dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se dean as condicións do punto 1 do presente artigo.
- 4 A validez da matrícula do traballo de fin de grao será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico.

Artigo 5.- Titorización do traballo de fin de grao

- 1 Os traballos de fin de grao realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que exercerá as tarefas de titorización.
- 2 A titorización consistirá en supervisar e orientar o/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao, así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e defensa do traballo de fin de grao.
- 3 Poderá actuar como persoa titora calquera docente da Universidade de Vigo, co visto e prace da coordinación da titulación ou do órgano especificado na normativa interna do centro á que se refire o preámbulo e o apartado 5 do artigo 2 deste regulamento. Se a natureza do traballo de fin de grao o requirise, poderanse establecer equipos titoriais que asumirán as tarefas de titorización nos termos que estableza o centro.
- 4 Cando se dean casos de baixa prolongada ou finalizase a súa vinculación coa Universidade de Vigo, o centro será o responsable da substitución das persoas titoras e establecerá os procedementos que sexan precisos.

Artigo 6.- Asignacións da titorización e da temática do traballo de fin de grao

- 1 Correspóndelle ao centro establecer, na normativa á que se refire o preámbulo e o apartado 5 do artigo 2 deste regulamento, os criterios, o procedemento e o calendario para asignar as persoas titoras de cada estudante, así como da temática de cada traballo, aténdose ao recollido neste regulamento.
- 2 Garantíraselle a todo o estudiantado matriculado no traballo de fin de grao a titorización correspondente.
- 3 Garantírase que se poidan desenvolver traballos con temas relacionados cos contidos específicos da titulación, e que o estudiantado dunha titulación con varios itinerarios poida realizar o seu traballo de fin de grao dentro da temática do itinerario que estea a cursar.

- 4 Establecerase un calendario para todo o proceso de adxudicación de persoas titoras e temas que posibilite elaborar axeitadamente os traballos dentro dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo aprobado para cada curso académico.
- 5 O centro ou centros responsables do título daranlle a debida publicidade das adxudicacións definitivas da titorización a cada estudante. Poderase reclamar fronte a estas adxudicacións no prazo de sete días naturais ante o órgano establecido na normativa interna do centro.
- 6 A adxudicación da titorización e da temática para o traballo de fin de grao terá unha validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorridos terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.
- 7 Cada centro regulará o procedemento para que o/a estudante poida solicitar un cambio na titorización ou tema do seu traballo de fin de grao, e para que a persoa titora poida solicitar o cambio de estudante asignado e de temas ofertados.

Artigo 7.- Presentación e defensa

- 1 Cada traballo de fin de grao presentarao e defenderao o seu autor ou autora ante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.
- 2 Os centros, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, establecerán a celebración das defensas dos traballos de fin de grao de acordo cos períodos de avaliación sinalados no calendario académico para cada cuadrimestre.
- 3 Os centros establecerán o procedemento e os prazos para solicitar a presentación e a defensa do traballo de fin de grao.
- 4 A defensa do traballo de fin de grao realizada polos/as estudantes poderá ser pública e presencial. A Xunta de Centro ou, de ser o caso, a comisión delegada, con carácter excepcional e tras a petición formal e motivada polo/a estudante e persoa titora e cotitora, poderá autorizar a defensa a distancia de forma virtual, sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.
- 5 No caso de defensa pública, a Xunta de Centro ou a comisión delegada correspondente deberá establecer e anunciar publicamente a estrutura e a duración máxima da exposición, así como a data, hora e lugar onde se realizará.

Artigo 8.- Avaliación e cualificación do traballo de fin de grao

- 1 O tribunal de avaliación asignado avaliará e cualificará cada traballo de fin de grao presentado e defendido. A cualificación deste tribunal poderá ser única ou poderá supoñer unha porcentaxe da cualificación final que, de ser o caso, será polo menos do seu 70 %; o resto pode depender doutros criterios, sistemas de avaliación e responsables establecidos na normativa interna do centro.
- 2 A Xunta de Centro ou a comisión en que delegue nomeará o tribunal de avaliación do traballo de fin de grao entre o profesorado da titulación. Este constituirase polo menos por tres persoas que exercerán presidencia, secretaría e as funcións de vogal. Debido ás características dos traballos presentados ou ao número do estudantado matriculado, poderán nomearse varios tribunais para unha titulación.
- 3 Cada tribunal de avaliación do traballo de fin de grao actuará de forma regular nas convocatorias oficiais de cada curso académico.

- 4 De maneira excepcional, a Xunta de Centro ou comisión delegada por esta, poderá autorizar que formen parte do tribunal de avaliación outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo, que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto, ou de persoas asesoras sen voto.
- 5 Na súa normativa o centro definirá o papel das persoas titoras e cotitoras na defensa, avaliación e cualificación dos traballos correspondentes; polo menos poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa e nas deliberacións do tribunal de avaliación.
- 6 O tribunal de avaliación do traballo de fin de grao constituirase formalmente coa debida publicidade e antelación do acto de defensa.
- 7 O tribunal de avaliación do traballo de fin de grao deliberará sobre a cualificación destes traballos sometidos á súa avaliación tendo en conta a documentación presentada por cada estudante, o informe da persoa titora e, de ser o caso, a exposición pública dos traballos.
- 8 A cualificación global terá en conta, polo menos, a calidade científica, técnica ou artística do traballo presentado, a calidade do material entregado e o grao de adquisición de contidos e competencias específicos da titulación e de competencias transversais. Os criterios de avaliación quedarán recollidos na guía docente da materia.
- 9 No caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal de avaliación achegaralles ao/á estudante e á persoa titora un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación.
- 10 A entrega de actas dos traballos de fin de grao estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas de cada cualificación en cada convocatoria e pola data de inicio administrativa do novo curso académico.
- 11 O traballo de fin de grao debe ser cualificado en acta unha vez que se teña constancia de que o/a estudante dispón de todos os créditos necesarios para obter o título oficial de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo, xa sexa por superación das materias correspondentes ou por recoñecemento.

